

## ELECCIÓN S AO CONSELLO ESCOLAR DO IES AS BARXAS

### CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 18/09), realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Centro.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

1. O director ou directora do Centro
2. Un profesor ou profesora
3. Un pai ou nai ou titor legal
4. Un alumno ou alumna
5. Un representante do persoal de administración e servizos

**Os catro últimos serán designados por sorteo** segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito **sorteo**, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 18 de outubro, ás 11'00 horas**.

**Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura** para formar parte do novo **Consello Escolar** deberán seguir as **instrucións** que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

Moaña, 16 de outubro de 2024.

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO,

Asdo.: .....